Concello de AMES

CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA OBRA SANEAMENTO EN CASTRIGO. POS 2016

Na Casa do Concello de Ames a 18 de maio de 2018

R E Ú N E N S E:

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaria accidental do Concello, Dª Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2018.

Doutra parte, D. José Manuel Varela Ferreiro, con DNI nº 44839488-E, na representación de Excavaciones José Varela Iglesias SL., con C.I.F. B-15510076 e domicilio social na rúa Socortes 22 (Bembibre) no concello de Val do Dubra, provincia da Coruña.

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra **"saneamento en Castrigo"**, e ó obxecto establecen as seguintes

C L Á U S U L A S

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Excavaciones José Varela Iglesias SL a realización das obras comprendidas no proxecto de **"saneamento en Castrigo"** no prezo de cento corenta e nove mil novecentos noventa e cinco euros e setenta e catro céntimos **(149.995,74.- €)** máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende á contía de trinta e un mil catrocentos noventa e nove euros e once céntimos **(31.499,11.- €),** de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **7.499,79 €,** mediante aval do Banco Pastor SA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº. 8204/00697 correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

Concello de AMES
Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

A SECRETARIA ACCIDENTAL,-

O CONTRATISTA,-

JOSE VARELA IGLESIAS, S.L.
C.I.F. B-15510076
C/ Socortes 22 - Bembibre
15573 VAL DO DUBRA - A CORUÑA